



Á VALEDORA DO POBO

O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, con enderezo na rúa de Miguel Ferro Caaveiro, 8, Santiago de Compostela, ante este organismo comparece e **EXPÓN**:



1. A non aplicación da lexislación vixente en materia de recoñecemento, igualdade e non discriminación LGTBIQ+, concretamente a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia e os seus correspondentes artigos 22 e 26 en relación co ámbito educativo.

2. A posible existencia dun delito de odio e/ou incitación ao odio pola distribución dos materiais presentados pola organización Hazte Oír na súa campaña «Mis Hijos, mi decisión. Protege a los niños del adoctrinamiento en ideología de género», dado que a dita campaña atenta contra os dereitos fundamentais das persoas e incumpre o Memorando da Comisión Europea contra o racismo e a intolerancia, a normativa educativa vixente LOE 2/2006, LOMCE 8/2013, Lei 27/2005, Lei orgánica 3/2007, Lei 30/1984, ET art. 4.2.c e 4.2.e, a normativa específica en materia LGTBI da comunidade autónoma, a Declaración universal dos dereitos humanos e a propia Constitución española de 1978, artigos 9.2, 10, 14, 15, 27 entre outros.

Por todo o exposto,

SOLICITA á Valedora do pobo que admita este escrito e, conforme ao manifestado nel, emita ditame en solicitude de aplicación da lexislación vixente en materia de recoñecemento, igualdade e non discriminación LGTBIQ+, e solicite a retirada inmediata dos devanditos materiais e da campaña nos centros educativos.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2019


Ramón Sarmiento Solla
Secretario Xeral
SN de CCOO de Galicia

comisións obreras